

1380, agosto, 7
renuncia

O cóengo Vasco Pérez Mariño, sobriño do bispo Vasco Pérez Mariño, renuncia en favor do cabido, a cambio dunha pensión de mil mrs. anuais, ao seu dereito sobre os coutos de Fisterra e Duio, en compensación dos gastos que o cabido tivo no preito contra Pai Mariño, que os tiña ocupados pola forza.

(No reverso, unha anotación descontextualizada).

ACOu, Escrituras XVIII, 52

(ed. M. Castro / M. Martínez Sueiro, *Colección de Documentos del Archivo de la Catedral de Orense*, I, 314-318)

Sabbeam quantos esta carta virem commo eu Vaasco Peres Mariño coengo da igleia d'Ourense e fillo de Johan Mariño cavalleiro et de dona Tereyga Paes sua muller, çertificado de todo meu dereito, non costrengudo nen desçebudo nen por algun maa engano (enduz)udo, mays de meu plazer et miña booa propia voontade, con siirando en commo don Vaasco obispo que fuy d'Ourense, yrmaao do dito meu padre Joham Mariño, mandou en seu testamento et sua propia voontade que aa morte de don Pero Suarez seu yrmaao dean que fuy d'Ourense e de don Lourenço Rodrigues seu sobriño deam que fuy d'Ourense et outrosi aa mina morte leyxou et mandou p ara todo senpre ao cabidoo da dita igleia d'Ourense o seu lugar et couto de Fiinsterra et ho seu lugar et couto de Duyo con todos seus beens, dereitos et perteesceas segundo que mays conpridamente no dito seu testamento he c onteudo, os quaes lugares et coutos son sitios enno arçobispado de Santiago, consiirando outrosi en commo os di tos deaans que teveron et posuyron os ditos coutos et logares leyxaron et mandaron ao dito cabidoo moytos logares et beens por suas almas et do dito señor obispo e seus devedores; outrosi veendo et consiirando en com mo vos o deam et homees boons do dito cabidoo despendestes por min et en meu nome moytas quantias de moravedis da vossa messa en andar a pleito con Pay Mariño cavalleiro et con sua muller dona Sancha miña yrmaa et Ruy Soga seu fillo, que me tyña tomados e forçados contra miña voontade depoy da morte do dito don Lourenço Rodrigex dean meu tyo os ditos coutos e logares con outros moytos beens et logares que son meus patrimoniaes ata que por sentença definitiva de nosso señor vençestes para min os ditos coutos e logares de Fiinsterra et de Duyo; consiirando outrosi en commo depoy da morte do dito señor obispo os ditos deaans et depoy o dito Pay Mariño nunca pagaron a vos o dito cabidoo mill mrs. de diñeiros brancos que o dito señor obis po meu tyo aa sua morte mandou pagar cada anno porlos ditos seus logares a vos o dito cabidoo sob çertas con dyçoens de aniversarios et prosçyçoens que vos cada anno mandou faser segundo enno seu testamento he con teudo, et eu non teño por que vos de et page do tempo passado os ditos mill mrs. que vos asi devem que montam da morte do dito señor obispo a aco trii[n]ta mill mrs. de diñeiros brancos et mays, nen teño outrosi por que vos pague as custas que vos o dito cabidoo por min fezeistes enno pleito que ouvestes con o dito Pay Mariño sobre os ditos logares e tan ben enna dita sentença definitiva que dos ditos logares et coutos para min gaañastes et gaanastes, as quaes custas que asi enno dito pleito et sentença definitiva fezeistes montam ben doze mill mor avedis de diñeiros brancos segundo que me delo fezeistes çerto. Por ende eu por estas coussas et cada huna delas et seendo outrosi movido de boon espiritu et zello et por soude da miña alma, outrosi por segyr aa voontade do d ito señor obispo don Vaasco meu tyo que mandou depoy da miña morte os ditos logares et coutos a vos o dito cabidoo da igleia d'Ourense, eu de mina propia e booa voontade por lo amor de deus et dos ditos senores et me us

devedores *por* esta presente carta eu logo en toda miña vida e depouys de mina morte endeante poño, dou, outor go e faço pura doaçõn *para* todo senpre a vos (o dito) cabidoo e homees boons do dito cabidoo *que* agora sodes et a todos vosos subçesores *para* senpre dos ditos logares et (cou)tos de Fi(insterra) et de Duyo *con* todos seus bees, *per*teensçeas et *dere*itos e *dere*ituras et padroadigos, liberdades e señorios *por* hu *quer* *que* vaan et lles *per* (teeçan en) *qual* *quer* *maneira* et *por* *qual* *quer* *razom* *segundo* *que* as tyña e pesuya o dito señor obispo don Vaasco et os ditos deaens e lles *per*(eesçi)am de (...) *qual* *quer* *razon*, et *que* vos os homees boons do dito cabidoo façades et *con*prades en cada un *anno* *aquellas* coussas e cada huna de(las ...) *diser* o dito señor obispo *por* los ditos seus coutos et logares. Et *por* esta *pressente* carta eu de meu plazer et de miña livre e *pro*(pia voontade) tollo et amovo logo de min en (toda) miña vida et de todos meus herees et de toda miña voz *para* senpre todo señorio, *pro*piadade, voz (...) *dere*ito, *demanda*, *jur* et *posesion* *que* eu hey (en) *qual* *quer* *maneyra* et *por* *qual* *quer* *razon* *enno* dito logar et couto de Fiinsterra et eno couto de Duyo et en cada hun deles et en todos seus beens et *dere*itos et *per*teenscias et en cada hun deles et passo et poño todos estes logares et coutos *con* todos seus beens et *per*teensçeas et *dere*itos et *ju*res, *pro*piadades et señorios, padroadigos et liberdades *por* hu *quer* vaan en vos o dito cabidoo da dita igleia d'Ourense e homees boons do dito cabidoo et en vossos subçesores *para* todo senpre, et *por* esta carta vos poño et *entrego* ena *posesion* dos ditos logares et de todos los outros *dere*itos *que* a min *per*teenscen en elles çertificado de meu *dere*ito *que* nunca *contra* esto *que* dito he vaa nen diga delo o *con*trario *por* min nen *por* outro en *ju*yzo nen fora de *ju*yzo, et se ende o *con*trario fezer ou *diser* *que* me non valla, et outrosi aa ley *que* diz *que* o home livre non possa faser doaçõn de quanto á, a como *quer* *que* outros tan boons beens et logares ajo de *que* me tem forçado et enxerdado o dito Pay Mariño et miña yrmaa dona Sancha sua muller et o dito Ruy Soga, et a todo *dere*ito *escripto* et non *escripto* et a toda ley *manicepal* et a todo *statuto* *que* *contra* esta doaçõn et *demiticõn* *que* faço possa seer, *que* me non ajude deles nin miña voz nen meus herdeiros en algun *tempo*. Et se o *con*trario fezermos *quero* et outorgo *expresamente* *que* nos non valla nen sejamos sobre elo oydos en *ju*yzo nen fora de *ju*yzo. Outrosi *renunçio* *expresamente* *que* nunca *revo*ge esta doaçõn et *demiticõn* *que* faço dos ditos logares et coutos a vos o dito cabidoo *segundo* dito he, aynda *que* vos o dito cabidoo d'Ourense ou algun de vos o dito cabidoo sejades engratos *contra* min ou me façades alguna de *aquellas* cousas *por* *que* se doaçõn possa et deva *revo*gar feyta ontre vyvos ou *por* *razon* de morte. Et nos Garçia Rodrigues deam da dita igleia d'Ourense et os homees boos do cabidoo da dita igleia *que* somos presentes ena caustra nova de Sam Martiño *por* canpaa tanguda *segundo* *que* he de huso e *custume* capitullantes et *cappitullo* *celebrantes* *para* esto *por* nos et *por* nossos subçesores do dito cabidoo asi *resçebemos* *para* senpre de vos o dito Vaasco Peres Mariño *coengo* a dita doaçõn e *demiticõn* *que* nos fazedes dos ditos logares et coutos *con* todas suas *per*teensçeas et *dere*itos *segundo* et enna *maneira* *que* aqui *por* vos he dito et razoado et sob as *condiçoens* *que* os ditos coutos et logares aa vossa morte *por*lo dito señor obispo don Vaasco nos foron dados et mandados. Et *por* quanto vos o dito Vaasco Peres en esto *que* dito he sodes movudo de boo zello e *spiritu* et *por* *que* sodes de boo logar et estades asi forçado do voso *patrimonio* et dos ditos logares et coutos *por*lo dito Pay Mariño e sua muller et seu fillo Ruy Soga, *prometemos* et outorgamos de vos dar et pagar cada ano en paz et en salvo *por*los beens da nossa messa en toda vosa vida depouys *que* ouvermos a posesom dos ditos logares et coutos mill mrs. de diñeiros brancos longos *para* ajuda de vosso *manteemento* et honra. Et *prometemos* et outorgamos aa boa fe *que* non vaamos *contra* esto *por* nos nen *por* outro en *ju*yzo nen fora del sob *obligaçõn* dos ditos nossos beens *que* vos *para* ello *expresamente* obrigamos. Et *por* *que* esto seja çerto nos nos o dito cabidoo et vos o dito Vaasco Peres rogamos ao *notario* *adeante* *escripto* *que* fezesse ende esta *carta* sobre esto todo *que* dito he, a mays forte et mays firme *que* se podese *fazer* sobre esta *rason*. Feyta a carta en Ourense, sete dias de agosto, era de mill quatroçentos xviii annos. *Tests.* *que* a esto presentes foron Rodrigo Affonso, Fernan Matheu, Martin Geestosa et Gomez Guerra *raçoeiros* d'Ourense et Gonçalvo Martinez *porteiro* do dito cabidoo e outros.

Et eu Garçia Diaz *notario* publico et *chançeller* da igleia e çidade d'Ourense *por*la dita igleia *que* a esto chamado e roguado *con* as ditas *tests.* presente foy e en mina *presença* o fiz *scripvir* et meu nome e signal aqui fiz en *test.* de *verdade* *que* tal he.

(*sinal*)

[*reverso*] *Tests. Vasco Lopes e Gil Fernandes e Fernan de Calva e Fernan de Mirron escudeiro de don Alvar de San Pan(...) e outros.*